

ASUNTO: Alegacións ó estudo de impacto ambiental, ó proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico) e ó proxecto de execución da instalación da liña de alta tensión 132 kV subestación parque eólico Pico Touriñán-subestación parque eólico Monte Festeiros, localizada nos concellos de Cerdedo-Cotobade, A Estrada, Forcarei e Silleda (expediente IN408A 2020/165).

Don/Dona _____

con DNI. Número _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, municipio de _____, provincia de _____.

EXPÓN:

Á vista da RESOLUCIÓN do 12 de xuño de 2023, da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se someten a información pública o estudo de impacto ambiental, o proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico) e o proxecto de execución, en concreto, das instalacións da liña de alta tensión 132 kV subestación parque eólico Pico Touriñán-subestación parque eólico Monte Festeiros, localizada nos concellos de Cerdedo-Cotobade, A Estrada, Forcarei e Silleda (expediente IN408A 2020/165), DOG Núm 120, do 26 de xuño de 2023, por medio do presente escrito realízase as seguintes **ALEGACIONES**:

- 1. Non se teñen en conta nin se avalían os graves prexuízos que pode supoñer a A LAT 132 kV Pico Touriñán-Monte Festeiros para o benestar, a saúde e a calidade de vida da veciñanza que vive e traballa nas aldeas da contorna, xa que o trazado que se presenta no EIA discorre a unha distancia excesivamente próxima a núcleos habitados, centros de traballo ou granxas como:** instalacións da explotación Servipor (San Bartolomé de Pereira); aldeas de Laxoso, A Devesa, Tres Aldeas, Sabucedo, O Salgueiro, Narcellas, Pardellas, Currospedriños, instalacións de COAFOR, aldeas de Chamosa, As Rabadeiras, Pereira, San Bartolomé ou A Pallota. A comunidade científica reconece que existen riscos sobre a saúde asociados a radiacións e á contaminación electromagnética das liñas eléctricas, os cales non aparecen avaliados no EIA, resultando a información que se proporciona insuficiente para determinar os posibles efectos adversos sobre a saúde das persoas.
- 2. O proxecto carece de xustificación ou interese social e utilidade pública algunha, pois só responde a un interese estritamente mercantil con nula incidencia positiva na loita contra o cambio climático e que vai en contra dos obxectivos da Estratexia da UE sobre a biodiversidade (Comunicación da Comisión Europea ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións, Bruxelas 20.05.2021).** Preténdese construír unha liña de alta tensión de máis de 22 km co obxectivo de evacuar un único parque eólico supoñendo a deforestación de grandes extensións de carballeiras e bosques de ribeira, así como un impacto crítico en aves e quirópteros dos espazos protexidos da Rede Natura 2000 lindeiros. A posible contribución positiva contra o cambio climático do PE Pico Touriñán queda invalidada ante os prexuízos medioambientais que a súa evacuación supoñerá, especialmente a corta de masas forestais que están contribuíndo á captación de CO₂. Ao respecto, considérese a Sentenza: 00311/2020, do 11 de decembro do 2020 do TSXG.
- 3. A tramitación do proxecto incumpre as garantías en canto ó dereito de acceso á información ambiental e á participación do público na toma de decisións en materia de medio ambiente recollida no Convenio de Aarhus, no art. 45 da CE e na Lei 27/2006 que incorpora as Directivas 2003/4/CE e 2003/35/CE.** O proceso de información pública levouse a cabo sen os informes sectoriais, de maneira que as persoas interesadas non puideron exercer de forma plena o seu dereito a participar. Téñase en conta a xurisprudencia: Sentenza do TSX de Galicia, Sala do Contencioso, Sección 3^a do 21 de xaneiro de 2022 (STSJ GAL 551/2022).
- 4. O EIA presenta carencias, incongruencias, faltas de información ou información desactualizada co obxecto de levar a cabo unha avaliación ambiental sesgada e dirixida a unha alternativa de trazado previamente escollida polo promotor,** incumprindo os preceptos establecidos no art.35 (desenvolvido no Anexo VI.2.a) da Lei 21/2013 de avaliación ambiental.
- 5. A LAT 132 kV Pico Touriñán-Monte Festeiros agrava a excesiva concentración de instalacións eólicas e liñas de evacuación na contorna, que non son tidas en conta no presente EIA. Hai polo tanto unha falla de avaliación dos efectos sinérxicos e acumulativos (aditivos, sumativos e globais) segundo obriga o art. 35 da Lei 21/2013 de avaliación ambiental.** Téñase en conta a xurisprudencia: Sentenza do TSJ Castela e León de Burgos, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 1^a do 13 de xullo do 2012 e a Sentenza do TS 345/2018, do 5 de marzo.
- 6. O proxecto é incoherente cos criterios establecidos na Lei 1/2021, de ordenación do territorio de Galicia ó non estar debidamente xustificadas, alén do seu carácter supramunicipal, os requisitos previstos no art. 41.2 para ser declarado como “Proxecto de Interese Autonómico”.** Non se presenta unha avaliación da aceptación social, sendo un requisito derivado do art. 1 do *Convenio de Aarhus*.
- 7. O proxecto afecta a unha área de alto valor ecolóxico e sensibilidade ambiental que suporá unha serie de consecuencias negativas sobre o patrimonio natural incorrendo nunha incorrecta avaliación dos impactos e**

vulnerando unha serie de normativas: Directiva 92/43/CEE, relativa á Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres, con afectacións sobre hábitats de interese comunitario prioritario (4030*, 4020* , 9230*, etc.); Directiva 2009/147/CE de Conservación de aves silvestres e a Lei 5/2019 de Patrimonio Natural de Galicia incompatibilidade coa fauna local, existencia de especies vulnerables ou en perigo; Plan de Xestión do Lobo (art. 18.5 do D. 297/2008); afeccións moi severas sobre a Rede Natura 2000 e a súa coherencia: ao LIC do ZEC Serra do Candán (ES1140013) a so 150 m, ao ao LIC do ZEC Serra do Cando (ES1140014) e a ZEPVN e ZEC Brañas de Xestoso (ES1140008), así como, os corredores biolóxicos dos cursos do río Umia e Lérez, constituíndo a zona un corredor ecolóxico e unha área territorial de primordial importancia para poboacións de especies de fauna e flora, sen que o EIA faga unha adecuada e exhaustiva avaliación das repercusións, expresamente regulado nos arts. 3.1 e 10 da Directiva 92/43 de Hábitats e art.46 da Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e a Biodiversidade (téñase en conta o razoamento xurídico Oitavo da Sentenza do TSXG sobre o parque eólico Oribio (STSJ GAL 6192/2020); afección severa e prexuízos irreversibles sobre humidaes, brañas e turbeiras, algunhas non inventariados pola Xunta de Galicia e obviadas no EIA do proxecto.

8. **A LAT proxectada atravesará a zona da Serra de Cabanelas** sita na linde entre os concellos de A Estrada, Forcarei e Cerdedo, **área de alta sensibilidade ambiental** na que **tres proxectos** eólicos veñen de recibir **informe desfavorable da DX de Patrimonio Natural e Declaración de Impacto Ambiental negativa, polo impacto incompatible co mantemento das poboacións de *Circus pygarcus*, tanto individualmente como en conxunto coas demais infraestruturas proxectadas na zona e polos efectos sinérxicos sobre a avifauna e os quirópteros, producindo un impacto ambiental crítico sobre o patrimonio natural e a biodiversidade.** Véxanse as Resolucións da DX de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático sobre os PE Cabanelas, Pedra Longa e Borreiro (DOG. Núm, 13 e 14, dos días 19 e 20 de xaneiro de 2023, respectivamente).
9. **A LAT 132 kV Pico Touriñán-Monte Festeiros proxéctase sobre varias áreas de solo afectado por incendio forestal (2005 e 2018), obviado no EIA e incumprindo por tanto o establecido no art. 59 da Lei 7/2012 de Montes de Galicia e, en todos caso, o establecido na Lei 21/2015, do 20 de xullo.**
10. **O EIA da LAT 132 kV Pico Touriñán-Monte Festeiros obvia efectos de carácter social e económico (incumprindo o recollido no anexo VI.2.a da Lei 21/2013).** O proxecto afectará moi negativamente á economía local, especialmente **ao sector agrogandeiro**, ao situarse na zona de maior produtividade agrogandeira do concello de Forcarei, cun rendementos entre os máis elevados de Galicia. Véxase o **Informe desfavorable emitido pola DX de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias**, saldado coa Declaración de Impacto Ambiental negativa do PE Gasalla (DOG. Núm 16 do 24/1/2023), en base aos efectos negativos sobre a Casa Grande de Xanceda e outras explotacións próximas ao abeiro do Regulamento (UE) 2018/848 do Parlamento Europeo e do Consello e que pon de manifesto os **impactos ambientais que poden afectar ao benestar animal** nas distintas etapas da súa vida e entre os que se atopan os **campos electromagnéticos**, determinando a súa incompatibilidade co benestar animal que esixe a actividade gandeira, especialmente a ecolóxica.
11. **A citada instalación supón un impacto negativo sobre o patrimonio cultural inmaterial e material de Galicia.** Especialmente sobre **a tradición Rapa das Bestas de Sabucedo**, xa que esta infraestrutura atravesa os montes no que habitan as bestas e rodea a aldea de Sabucedo, a escasos metros da Igrexa e o curro vello. Tamén se proxecta sobre tramos do **Camiño de Santiago da Geira e dos Arrieiros** e a escasa distancia do **Mosteiro de Aciveiro**.
12. **A instalación desta LAT de 22 km. supón un impacto paisaxístico severo nas poboacións da contorna, na área de especial interese paisaxístico “Serra do Candán e Montes do Testeiro”, e no patrimonio cultural presente na área de afección**, especialmente nos elementos mencionados na anterior alegación. A paisaxe supón un elemento cultural e natural de inmenso valor para a sociedade e é un activo económico e social, especialmente para o sector turístico. Ó respecto da protección da paisaxe, téñase en conta o Convenio Europeo da Paisaxe, ratificado por España o **26 de novembro de 2007, o Regulamento da Lei da Paisaxe (Decreto 93/2020) e ás Directrices de Paisaxe (Decreto 238/2020).**
13. **Non se garante a non afección ós acuíferos e á calidade das masas de auga tanto superficiais como soterradas.** Os movementos de terras, perforacións e outras obras necesarias para a instalación da LAT poden afectar gravemente ós acuíferos, mananciais e á rede hidrográfica dándose unha afección ós recursos hídricos. Téñase en conta a Directiva Marco da Auga (DMA).

Por todo o anteriormente exposto **SOLICITO** que teña por presentado este escrito e por formuladas as alegacións en tempo e forma, que sexan estimadas as mesmas e que, en consecuencia, se declare inviable ambientalmente esta instalación eléctrica e se desestimen o estudo de impacto ambiental, o proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico) e o proxecto de execución, en concreto, das instalacións da liña de alta tensión 132 kV subestación parque eólico Pico Touriñán-subestación parque eólico Monte Festeiros, localizada nos concellos de Cerdedo-Cotobade, A Estrada, Forcarei e Silleda (expediente IN408A 2020/165), DOG Núm 120, do 26 de xuño de 2023, téndome por parte interesada, déseme traslado da resolución que recaia no presente procedemento administrativo.

OUTROSÍ DÍ: Que é preciso unha resposta razoada a estas alegacións de acordo a la Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A falta de resposta é motivo de nulidade da tramitación.

En _____ a _____ de _____ del 2023

Asinado: